

RESUMO PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA *LINGUA CASTELÁ E LITERATURA*

CURSO 2017/2018

C.P.I. Plurilingüe Cabo da Area (Laxe, A Coruña)

Membros do Departamento: M^a Isabel Cornes Ríos e
Noelia Iglesias Iglesias (Xefa do Departamento)



2º ESO

I. CONTIDOS E TEMPORALIZACIÓN (3 sesións semanais)

1º trimestre: Propiedades do texto. Produción de textos: a solicitude e o diario de viaxe. España plurilingüe. A descrición. Denotación e connotación. O SN. A épica, o conto e a novela moderna e os seus elementos. A figura do heroe.

2º trimestre: A narración. O diálogo. A exposición. O Sadj, Sadv, SPrep e o SV. O teatro, os seus subxéneros e os elementos dramáticos. A épica e os seus elementos.

3º trimestre: Textos normativos e instructivos. Metáfora, metonimia, tabú e eufemismo. Modalidades oracionais. Suxeito, predicado e función sintácticas. Temas e tópicos literarios. Xéneros xornalísticos: a noticia e a reportaxe.

II. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

<i>FORMATO</i>	<i>VALOR</i>
Exames (alomenos un por trimestre)	Máx. 7 puntos
Proba escrita sobre a lectura obrigatoria trimestral	Máx. 1,5 puntos
<ul style="list-style-type: none">• Libreta do alumno• Traballos escritos• Rexistro de aula (exposicións orais, diarios de viaxe, actividades orais e escritas)• Rexistro da súa actitude	Máx. 1,5 puntos
Lectura voluntaria trimestral De común acordo, elixir entre: <ul style="list-style-type: none">• Presentación oral da lectura• Traballo sobre algún aspecto	+ Máx. 1 punto

EXAMES DE XUÑO (información aplicable ós catro niveis académicos da E.S.O):

O alumnado terá dereito a recuperar os contidos trimestrais suspensos mediante unha proba obxectiva celebrada trala avaliación correspondente. Se os contidos trimestrais suspensos non se recuperan por esta vía, o estudante poderá facer a final de curso (en xuño) unha proba obxectiva escrita de recuperación de contidos mínimos conforme á programación de curso.

O alumno poderá recuperar determinados bloques de contidos a través de dúas vías simultáneas: a proba específica de recuperación correspondente e a propia avaliación continua de contidos progresivos. A nota final de curso é fixada a partir da media das tres avaliacións (ou das recuperacións). Non obstante, a docente pode manter a calificación máis alta cando esta reflicte unha avaliación continua dos contidos progresivos.